

# LUGO

INFORMACIÓN  
CULTURAL E  
TURÍSTICA 2023

VENRES 01/12 A XOVES 07/12



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua





# LUGO

## INFORMACIÓN CULTURAL E TURÍSTICA

Información elaborada o xoves 30/11. Séguenos nas nosas redes, e segue as redes das entidades, promotores culturais e medios de comunicación locais para as actualizacións correspondentes.



982 297 199




LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a [010@lugo.gal](mailto:010@lugo.gal) Asunto: boletín.

LUGO

# NOTICIAS

Rubén Arroxo, Tenente Alcalde do Concello de Lugo, convidou a toda a veciñanza de Lugo a asistir este venres 01/12 ao acto de acendido do alumeado de Nadal, que este ano correrá a cargo da mestra de lingua galega Matilde Fernández, (Matuquín), integrante de Fuxan os Ventos entre o 1972 e 1976.

O acto terá lugar este venres, 01/12, a partir das 19:00 na praza Maior, e o Alumeado de Nadal permanecerá en funcionamento ata o 8 de xaneiro de 2023, en horario de 18:00 a 00:30 horas durante a semana, e de 18:00 a 03:00 as fins de semana e vésperas de festivos.



• Rubén Arroxo



LUGO

# NOTICIAS

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, xunto coa concelleira de Participación, Cristina López, entregan no MIHL os premios do XVIII concurso de tapas de Lugo, organizado pola APEHL coa colaboración da área de turismo.

Maite Ferreiro destacou “a importancia deste concurso para a cidade e para o turismo, así como para a hostalería local”, e fixo fincapé na importancia do Concurso de Tapas “para promocionar os produtos locais e o consumo de Km0”.



Ferreiro entregou o premio ao restaurante El Boni, gañador desta edición




Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua



VENRES 01/12/2023  
19:00 - PZA MAIOR LUGO

**ACENDIDO DO  
ALUMEADO DE  
NADAL**



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

## CONTACONTOS

Venres 01/12 ás  
19:00 h,  
contacontos  
*La niña y el farol*  
a cargo de  
**Cristina Seijas,**  
mestra na  
**Escola Waldorf  
Meniñeiros.**



Agardámosvos!

**Biblos**

[www.labiblos.com](http://www.labiblos.com)



**Brendan Shine**

PRESENTACIÓN DO LIBRO

## SUBIDÓN EN LA HIMALAYA

Venres 01 de decembro 2023  
O Vello Cárcere, Lugo 20:00



CONCERTO

### "DÍA DAS ARTES GALEGAS 2023 MARTÍN CODAX"

interpretado por

PATRICIA RODRÍGUEZ, *soprano*  
MARGARITA VISO, *piano*

Presentado por

JUAN PEDRO DURÁN ALONSO  
*Académico numerario*  
Real Academia Galega de Belas Artes

venres, 1 de decembro  
ás 20:00 horas

Conservatorio Profesional de Música  
Xoán Montes

Ronda Músico Xosé Castiñeira, 5. Lugo

Organiza  
Real Academia Galega de Belas Artes

Entrada libre ata completar capacidade

Patrocina



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Día das Artes Galegas 2023

Dedicado a Martín Codax

# LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

30	1	2	<b>MICROEFECTOS</b> <b>DRAMATÚRXCOS</b>
NOV	DECEMBRO	20:30 22:30	

# SHUGAR BAND

**VIE.**  
**01 DIC.**  
**22:30 H**

**JAGGER LIVE**

FREE TICKET SPONSORED BY:

CLUB DE LECTURA LUGO  
2 decembro 12.00

*Encontro / recital con Lois Pérez e Alba Díaz*

Venres 01/12 a Xoves 07/12



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua



## PRESENTACIÓN



### *Pecados Veniais e Formigas nos pés, de Nazaret López*

Acompañarán a autora:  
Luz Darriba, artista plástica e escritora.  
Amparo Tejeda, profesora de Literatura.  
Ambientación musical: Javier María López

**Sábado 2 de decembro ás 12 horas**



Av. de A Coruña, 21,  
Lugo

# concerto

sábado, 2 de decembro de 2023



## Banda Filharmónica de Lugo

Iván Martínez Sabio, director

Concerto 10º Aniversario

Obras de Franco Cesarini, Mark Camphouse, Albert Ketelbey, Bill Whelan, Carlos Marques e Robert Sheldon

Salón Rexio do Círculo das Artes · 20:00 horas



ELPROGRESO



# LUGO

AXENDA CULTURAL



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

Auditorio Gustavo Freire  
**LUGO**  
*Berja Niso*  
**02**  
DICIEMBRE  
20:00 H

**LUDOVICO MUSICAL EXPERIENCE** 5★

+65.000 ESPECTADORES  
Idea y Dirección: Cristina Gatell  
3ª TEMPORADA  
"EL MEJOR TRIBUTO A LUDOVICO EINAUDI"

Entradas de venta en [Ataquilla.com](https://www.ataquilla.com)

*diverte*

TOUR 50 ANIVERSARIO  
DE  
**AC/DC**  
1973 2023

BY  
**EiSíDiSí**  
**LUGO**

SALA JAGGER **SÁBADO 2 DICIEMBRE**

APERTURA PUERTAS: 21:30H Anticipada: 15 €  
INICIO SHOW: 22:30H Taquilla: 18 €

VENTA ONLINE  
[JPROMOTICKETS.ES](https://www.promotickets.es)

VENTA FÍSICA  
• BAR 5 VIGAS  
• DOTMAS BAR  
• SALA JAGGER

Venres 01/12 a Xoves 07/12



## TEATRO

AUDITORIO MUNICIPAL  
GUSTAVO FREIRE



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua

3 de decembro. 17h e 18.30h "La serpillère de Mr MUTT"  
de MA Compagnie-Marc Lacourt.

Duración: 35 minutos.

Idade recomendada: A partir dos 4 anos.

Marc Lacourt disfruta armando historias que dan vida aos obxectos. Fainos sair do seu agocho, dun armario ou dunha caixa para mostrar todas as súas aristas. Algúns fanse a un lado, esbozan unha danza e baixo os focos convírtense en estrelas da pista.

La serpillère de Monsieur MUTT convidanos a seguir o rastro da historia da arte, da delicadez do xesto e o pracer da danza coa complicidade dos nenos e nenas.

Entradas: [entradaslugo.es](http://entradaslugo.es)





## PRESENTACIÓN

### **ANATOL E DOUS MÁIS**

Blanca Riestra

**Martes 5 de decembro ás 19:30 h**

Auditorio do Vello Cárcere - Lugo  
(Praza da Constitución, s/n)

Acompañando a autora, estará o escritor  
Abraham Pérez.



# LOS REVELATORS

PRESENTAN:  
**REVELATION**

**VIENES 7**  
**DICIEMBRE**  
**23:00 h**

**LIVE EN EL CLAVI**

Rúa dos Paxariños.23 - 27002 Lugo  
TEL.982243270 - E-Mail l: club@clavicembalo.com

REVELATION QR CODE

Clavicembalo

ENTRADAS  
\* ENTRADA 10 EUR  
\* ENTRADA & CD 19 EUR  
RESERVAS: 639989587



Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua

**LUGO**  
**CULTURAL**



**MÚSICAS  
A CARÓN DA  
MOSQUEIRA**

decembro \* 2023



## Ciclo de concertos

📅 Decembro 2023

🕒 20:30 h.

📍 Casa do Saber

**Venres, día 1**

**Laura Ballestrino**  
(Piano)

**Luns, día 4**

**Diego Casado**  
(Marimba)

**Luns, día 11**

**Synthèse Quartet**  
(Cuarteto de saxofóns)

**Luns, día 18**

**Sofía Salazar e Luis Arias**  
(Frauta e piano)

Entrada libre  
ata completar  
a capacidade



Colabora:



📷 [lugocultural](https://www.instagram.com/lugocultural)  
[www.lugocultural.gal](https://www.lugocultural.gal)  
#LugoCultural2023



### PROGRAMACIÓN SEMANAL

O VELLO CÁRCERE

DO MARTES 28 DE NOVEMBRO AO MÉRCORES 06 DE DECEMBRO DE 2023



#### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

- 📍 Praza da Constitución s/n, 27002 Lugo
- ☎ 982 297 195
- ✉ vellocarcere@lugo.gal
- 🌐 <http://ovellocarceredelugo.gal/>

#### REDES SOCIAIS

- 📘 [www.facebook.com/OVelloCarcere](http://www.facebook.com/OVelloCarcere)
- 📷 [www.instagram.com/ovellocarcere](http://www.instagram.com/ovellocarcere)
- 🐦 [www.twitter.com/o\\_vello\\_carcere](http://www.twitter.com/o_vello_carcere)

#### HORARIO ATENCIÓN AO PÚBLICO

Mañás:

- Todos os días de 11:00 a 14:00 h.

Tardes:

- De domingo a mércores de 17:00 a 20:30 h.
- De xoves a sábado: 17:00 a 22:30 h.



#### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

##### VISITAS GUIADAS

As visitas guiadas teñen un aforo limitado a 25 visitantes e unha duración aproximada de 45-60'.  
Recomendamos inscrición previa: 982 297 195.

##### PÚBLICO XERAL:

Visita guiada sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Venres: 18:15h.
- Sábados: 11:15h. e 18:15h.
- Domingos: 18:15h.

##### PÚBLICO FAMILIAR:

Visita guiada adaptada ás idades dos máis novos, sobre a historia do edificio e a Memoria Histórica a través da exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á Posguerra":

- Domingos: 11:15h.



#### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

##### EXPOSICIÓN PERMANENTES

###### 'O VELLO CÁRCERE: DA GUERRA Á POSGUERRA'

Exposición sobre as presas e presos políticos da Guerra Civil e da Posguerra, organizada polo Concello de Lugo e a ARMH (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica).

###### 'ELAS'

Exposición da investigadora Aurora Marco que reivindica a presenza da muller galega en diferentes ámbitos, completada con dezaseis serigrafías das artistas Chelo Rodríguez, Ehlaba Carballo, Irene Silva Xiráldez, María Manuela, María Xesús Díaz, Novais, Sabela Arias Castro ou Vanessa Lodeiro.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

#### 'MÁIS ALÓ DO TEMPO' - LÁZARE .

"O pintor Jesús López Lázare (Lugo, 1960) presenta en O Vello Cárcere a súa exposición "Máis aló do tempo".

En palabras do seu amigo Xulio Xiz, "os rostros de Lázare son inocentes, doces e fortes á vez, galegos sempre. A súa obra é racialmente galega, e fai xustiza á terra e ás xentes, aos devanceiros e a el mesmo, deixando constancia do aprendido na gran escola do vello rural".

Poderá visitarse dende o 03 de outubro ao 30 de novembro.  
Cela de homes 2ª planta.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

#### 'CLOUDSCAPES' - DANIEL AGRA

Unha experiencia onírica e inmersiva, unha viaxe ao imaxinario e ao esencial a través da poesía visual e narrativa, un percorrido no que tamén se poden descubrir outras narrativas doutros artistas galegos. Unha xenerosa achega dende a pluralidade que nutre e enriquece o diálogo.

Poderá visitarse dende o 20 de outubro ao 15 de decembro de 2023  
Celas de mulleres - 1ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

#### 'MIRADAS. MULLERES NA ARTE' - ELSA MARTÍNEZ

En palabras da autora, "Miradas" é un reclamo para homenaxear ás representantes femininas que destacaron no mundo da arte, e tamén a aquelas que quedaron no anonimato. A mostra recolle 33 retratos de mulleres de diversas disciplinas artísticas (pintoras, escultoras, escritoras e actrices) do século XVIII ao XX, a través de diferentes técnicas: acrílico, collage, lapis, acuarela e plastilina. Mª Louise, Élisabeth Vigée Lebrun, Camille Claudel, Daphne du Maurier, Leonora Carrington, Gerda Wegener, Frida Kahlo, Pier Angeli, Virginia Woolf, Maruja Mallo son algunhas das protagonistas desta exposición."

Poderá visitarse dende o 19 de novembro de 2023 ao 15 de febreiro de 2024.

Celas de mulleres - 2ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

#### '10 ANOS DE ARTE' - MIL CORES

"10 anos de arte". Mil Cores, inaugurada o 24 de novembro dispoñible ata o 6 de xaneiro, reúne a artistas locais de distintas idades que conforman este mundo artístico que leva 10 anos existindo na nosa cidade baixo o nome de "Mil Cores". Ao longo desta exposición situada na 1ª planta do panóptico, as autoras e autores expoñen a súa sensibilidade recorrendo a diversas técnicas e materiais, tendo como resultado un amplo abanico de cores e texturas.

A mostra está adicada a María del Mar García Piñeiro.

Poderá visitarse dende o 24 de novembro de 2023 ao 6 de xaneiro de 2024.

Celas de homes - 1ª planta



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

#### Actividade: 'ESPAZO DE LECER'

O Espazo de Lecer é un servizo innovador de conciliación familiar pensado para que nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e 8 anos, poidan xogar e aprender nun espazo especialmente deseñado para eles e elas.

Dúas monitoras organizan continuamente diversas actividades que se poñen en práctica, dun modo lúdico e educativo, co obxectivo de que rapazas e rapaces afiancen unha serie de valores, así como conceptos relacionados coa historia do edificio e as exposicións que alberga, a promoción da lingua, a reciclaxe e outras datas sinaladas. O horario deste espazo é os sábados, domingos e festivos nas seguintes quendas:

- Primeira quenda de mañá: 11:00 - 12:30h.
- Segunda quenda de mañá: 12:30 - 14:00h.
- Primeira quenda de tarde: 17:30 - 19:00h.
- Segunda quenda de tarde: 19:00 - 20:30h.

Os sábados, na primeira e segunda quenda de mañá, realizaranse 'contacontos miúdos' e os domingos, na primeira quenda de mañá, realizaranse 'cousiñas xeitosas'.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

#### Actividade: VISITAS ESCOLARES

Ciclos de Educación Primaria:

- Programa escolar 'Un edificio con boa Memoria' (reserva)  
Proposta didáctica sobre das orixes do Cárcere a través da súa arquitectura.
  - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.

Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato:

- Visita guiada ao edificio e á exposición permanente 'O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra' (reserva)
  - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.
- Visita guiada á exposición temporal Serie Amarilla de Xaime Quessada (reserva)
  - Luns a venres, 11:15h. e 12:30h.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

#### Actividade: PROGRAMA TÁNDEM

O programa Tándem pretende promover encontros interculturais de xeito periódico na Biblioteca O Vello Cárcere. Nestas sesións, dirixidas ao público xeral adulto, as persoas participantes poderán practicar un idioma e vivir a experiencia de coñecer outras culturas de primeira man, mentres divulgan á vez a súa propia.

Os grupos organizaranse segundo os idiomas e intereses das participantes, que serán remitidos a través dun correo a: [vellocarcere@lugo.gal](mailto:vellocarcere@lugo.gal). Indicarase, ademais, o idioma que se quere practicar, a lingua nativa e os temas ou preferencias a tratar.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

#### SÁBADOS

#### Actividade: CLUBS DE LECTURA

##### PÚBLICO INFANTIL

- 'Ratiños de Biblioteca' de 8 a 12 anos.  
02 de decembro

##### PÚBLICO ADULTO

- 'En-clave feminista', club de lectura feminista.  
09 de decembro
- 'Gregorio Sanz', club de lectura de memoria democrática.  
16 de decembro

Horario: de 12:00 a 13:00 h.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

SÁBADO 02 DE DECEMBRO

Actividade: **CONTACTOS MIÚDOS: 'FINA A PIRATA'**

Con este conto de Helena Villar Janeiro imos conmemorar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, que se celebrará o 3 de decembro. Coñeceremos a Finia, unha nena moi especial, dado que unha das súas pernas tamén o é. Con ela e os seus amigos do colexio, viviremos unha auténtica historia de piratas!

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos

Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)  
Segunda quenda de mañá (12:30 - 14:00h.)

Inscripcións: 15 persoas por cada quenda.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

DOMINGO 03 DE DECEMBRO

Actividade: **COUSIÑAS XEITOSAS: INVERNO!**

Dado que o 21 de decembro comeza o inverno, realizaremos un pequeno traballo manual con temática do inverno.

O tempo restante, os participantes poderán ler, debuxar ou xogar no Espazo de Lecer.

Público: 3-8 anos

Horario: Primeira quenda de mañá (11:00h. - 12:30h.)

Inscripcións: 15 persoas por cada quenda.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

LUNS 04 DE DECEMBRO

Actividade: **'E TI QUE CONTAS?'**

Obradoiro de escritura xuvenil que emprega diferentes dinámicas e ferramentas narrativas para desenvolver e afianzar estratexias de expresión escrita e oral.

Público: 13-16 anos

Horario: 17:30h. a 18:30h.

LUNS 04 DE DECEMBRO

Actividade: **ABRINDO AS PORTAS**

Actividade que aborda diferentes cuestións e conceptos arredor da arquitectura carcelaria e do conxunto patrimonial de O Vello Cárcere.

Público: adulto

Horario: 19:00h. a 20:00h.



### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

MARTES 05 DE DECEMBRO

Actividade: **'PEQUEVIÑETISTAS'**

Obradoiro infantil de creación de banda deseñada. A través dos fondos da Biblioteca O Vello Cárcere, os participantes poderán ler, analizar e crear as súas propias historietas.

Público: 7-12 anos

Horario: 17:30h. a 18:30h.

MARTES 05 DE DECEMBRO

Actividade: **CONSTRUÍNDO MEMORIA**

Espazo de encontro, reflexión e debate sobre diferentes cuestións relacionadas co concepto de 'memoria'.

Público: adulto

Horario: 19:00h. a 20:00h.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
PROGRAMACIÓN O VELLO CÁRCERE

**MÉRCORES 06 DE DECEMBRO**

**Actividade: 'A TODA COR'**

Obradoiro infantil que trata, mediante diversas dinámicas de aprendizaxe, os valores humanos e os principais temas de actualidade que xiran arredor de datas significativas.

Público: 3-8 anos  
Horario: 17:30h. a 19:00h.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
EVENTOS

**VENRES 01 DE DECEMBRO**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO 'SUBIDÓN EN EL HIMALAYA'**

Brendan Shine presenta a súa obra 'subidón en el Himalaya' 'Conquistando as montañas nas nosas mentes. O camiño dun peregrino desde Manchester ata o Himalaia e moito máis alá'.

Hora: 20:00h.  
Entrada por orde de chegada e ata completar cabida.

**SÁBADO 02 DE DECEMBRO**

**PROXECCIÓN DO FILME 'HERSELF' (VOLVER A EMPEZAR) DE PHYLLIDA LLOYD**

Con motivo do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller - 25N - proxectarase este filme dentro do programa 'a violencia machista parámola unidas!'

Hora: 19:00h.  
Entrada por orde de chegada e ata completar cabida.



**CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE**  
EVENTOS

**MARTES 05 DE DECEMBRO**

**PRESENTACIÓN DO LIBRO 'ANATOL E DOUS MÁIS'**

Bianca Riestra presenta a súa obra 'Anatol e dous máis'. Este libro fala do sagrado e o terrible, fala das inocentes alegrías da vida que, como dicía Kierkegaard, non teñen máis ca un defecto: a súa mesma inocencia.

Hora: 19:30h.  
Entrada por orde de chegada e ata completar cabida.



### O VELLO CÁRCERE

PROGRAMACIÓN CONTINUA

2023 / 2024



LUNS A DOMINGO  
982 297 195  
vellocarcere@lugo.gal  
ovellocarceredelugo.gal



### BIBLIOTECA | ESPAZO DIDÁCTICO

#### PÚBLICO INFANTIL

- "Pequeñetistas" (de 7 a 12 anos)  
Martes: 17:30 - 18:30 h
- "A toda cor" (de 3 a 8 anos)  
Mércores: 17:30 - 19:00 h
- "Minirrelatos" (de 7 a 12 anos)  
Xoves: 18:00 - 19:00 h
- Club de lectura "Ratiños de biblioteca" (de 8 a 12 anos)  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)

#### PÚBLICO XUVENIL

- "E ti que contas?" (de 13 a 16 anos)  
Luns: 17:30 - 18:30 h

#### PÚBLICO ADULTO

- "Abrindo as portas"  
Luns: 19:00 - 20:00 h
- "Construíndo memoria"  
Martes: 19:00 - 20:00 h
- "Escritura creativa"  
Xoves: 19:30 - 20:30 h
- Club de lectura feminista "En-clave feminista"  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)
- Club de lectura de memoria democrática "Gregorio Sanz"  
Sábados: 12:00 - 13:00 h  
(cada tres semanas)
- Programa Tándem  
Horarios en función do idioma

### ESPAZO DE LECER | de 3 a 8 anos

sábados, domingos e festivos

#### MAÑÁS

1ª quenda: 11:00 - 12:30 h  
2ª quenda: 12:30 - 14:00 h

#### TARDES

1ª quenda: 17:30 - 19:00 h  
2ª quenda: 19:00 - 20:30 h

- "Contacontos miúdos"  
Sábados | 1ª e 2ª quenda de mañá
- "Cousiñas xeitosas"  
Domingos | 1ª quenda de mañá

#### EXPOSICIÓNS PERMANENTES

- "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"
- "Elas" - Aurora Marco

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

- "Máis aló do tempo", Lázare
- "Cloudscapes", Daniel Agra
- "Miradas. Mulleres na arte", Elsa Martínez
- XIV edición Bienal de Pintura do Eixo Atlántico
- "10 anos de arte", Mil Cores

#### VISITAS GUIADAS

Edificio + exposición permanente "O Vello Cárcere: da Guerra á posguerra"

- VENRES: 18:15 h
- SÁBADOS: 11:15 h e 18:15 h
- DOMINGOS: 11:15 h (PÚBLICO FAMILIAR) e 18:15 h

Todas as actividades son de balde. Consulta as bases da Programación Continua na web:

→ [ovellocarceredelugo.gal](http://ovellocarceredelugo.gal)



## BIENAL DE PINTURA DO EIXO ATLANTICO

### CENTRO SOCIOCULTURAL O VELLO CÁRCERE

#### EXPOSICIÓNS TEMPORAIS

##### XIV BIENAL DE PINTURA DO EIXO

A XIV Bienal de Pintura do Eixo Atlántico inaugurada o 23 de decembro no Centro.

Nesta edición participaron un total de 104 obras de diferentes estéticas e técnicas, das cales, 25 foron seleccionadas para participar nesta mostra itinerante que se poderá visitar noutras cidades coma Monforte de Lemos, Braga, Maia, Vila Real, Barcelos ou Ribeira.

Este ano os premios ascendían a un total de 7.500€ divididos en: 1º premio de 4.000€, 2º premio de 2.000€ e o Premio Novos Talentos Luso-galaicos con 1.500€.

Poderá visitarse dende o 23 ata o 30 de decembro.

Zona de mulleres - Corredor da planta baixa + Panóptico - Planta baixa



1.000 €  
EN PREMIOS

# XXIX

## CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO



Rapazas e rapaces  
de 12 a 18 anos  
da provincia de Lugo

Información:

☎ 982 297 497

✉ [educacion@lugo.gal](mailto:educacion@lugo.gal)



### 29º CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO

Co obxecto de contribuír a fomentar a creatividade literaria entre as rapazas e os rapaces lucenses, a Concellería de Educación e difusión do coñecemento, convoca o “29º CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO” conforme as seguintes

#### BASES

1º Os participantes pode ser rapazas e rapaces de 12 a 18 anos de calquera centro educativo da provincia de Lugo de ensino non universitario.

2º Os contos deberán ser traballos inéditos, escritos en lingua galega e que non houberan sido premiados noutros certames. O tema será libre e a extensión non pode ser superior a tres mil palabras, escritos a ordenador e sen asinar.

Os traballos enviaranse sen remite, e baixo lema ou título indicando no sobre “29º CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO” e a categoría na que participa (de 12 a 14 anos ou de 15 a 18 anos).

Da mesma forma enviarase nun anexo e baixo o mesmo lema ou título os datos da autora ou do autor, nome e apelidos, dni, idade, enderezo, correo electrónico, teléfono e centro onde estuda.

3º Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4º Os contos serán enviados a través do correo electrónico [educacion@lugo.gal](mailto:educacion@lugo.gal) co asunto 29º CERTAME TRAPERO PARDO en formato PDF, sen asinar, e anexando un documento con datos indicados no punto 2º destas bases, ou ben impresos en papel, tamén cun sobre anexo cos datos á Concellería de Educación e difusión do coñecemento. Centro de Convivencia Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1 – 27001 Lugo.

A data límite de presentación dos traballos será o día 23 de decembro de 2023.

5º Establécense as seguintes categorías e premios:

#### CATEGORÍA DE 12 A 14 ANOS

- 1º Diploma, lote de libros e premio de 200 €.
- 2º Diploma, lote de libros e premio de 100 €.
- 3º Diploma, lote de libros e premio de 70 €.

#### CATEGORÍA DE 15 A 18 ANOS

- 1º Diploma, lote de libros, e premio de 250 €.
- 2º Diploma, lote de libros, e premio de 130 €.
- 3º Diploma, lote de libros, e premio de 100 €.

Se ademais dos traballos premiados, houbera a xuízo do xurado, outros merecedores dun recoñecemento, poderán outorgarse unha ou varias mencións honoríficas.

No caso de que a xuízo do xurado, os traballos non tivesen a suficiente calidade, contéplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6º O Xurado estará integrado por don Xosé Manuel Castro Castedo, profesor de lingua e literatura galega de Educación Secundaria, dona Teresa Pena Moreda, directora da Biblioteca Municipal de Lugo e dona Margarita Calderón Fernández, Pedagoga de Educación do Concello, actuando como secretaria.

7º A resolución do fallo do xurado será aprobada por Decreto da Concellería de Educación e difusión do coñecemento e porá fin á vía administrativa aplicándose o disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento común das administracións públicas, comunicándose con antelación aos gañadores e farase pública antes do 31 de xaneiro de 2024.

8º O recolleemento dos premios darase a coñecer publicamente en un acto institucional.

9º Os contos premiados quedarán a disposición do Concello de Lugo, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10º A participación no Certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do Xurado.

Para solicitar as bases ou maior información poden dirixirse á Concellería de Educación e difusión do coñecemento do Concello de Lugo ou no teléfono: 982 297 497. Tamén a través do correo: [educacion@lugo.gal](mailto:educacion@lugo.gal) ou na Páxina Web do Concello de Lugo.

# INFORMACIÓN TURÍSTICA

CENTROS CULTURALS - MUSEOS -  
OFICINA DE TURISMO

## EXPLORA LUGO



**Museo MIHL**

Av. Infanta Elena, s/n, 27003  
982 297 446  
museo.mihlelugo.gal  
instagram.com/mihl\_museo/



**O Vello Cárcere**

Praza da Constitución, s/n. 27002  
982 297 195 vellocarcere@lugo.gal  
facebook.com/OVelloCarcere  
instagram.com/ovellocarcere/  
twitter.com/o\_vello\_carcere



**Sala de Exposicións  
Porta Miñá**

Rúa do Carme, 3, 27004  
982 250 962 museo.porta@lugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



**Casa dos Mosaicos**

Rúa Doutor Castro, 20, 22, 27001  
982 25 48 15 casadosmosaicoslugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



**Centro de Interpretación  
da Muralla**

Praza do Campo, 11, 27001  
982 251 658 cim@lugo.gal  
facebook.com/lugomuseos/  
instagram.com/museoslugo/



**Oficina de Turismo**

Praza do Campo, 11, 27001  
982 25 16 58 lugoturismo@lugo.gal  
facebook.com/TurismodeLugo/

## EXPLORA LUGO



Rúa Emilia Pardo Bazán s/n, 27002  
982 801 105 [museo.sroque@lugo.gal](mailto:museo.sroque@lugo.gal)  
[facebook.com/lugomuseos/](https://facebook.com/lugomuseos/)  
[instagram.com/museoslugo/](https://instagram.com/museoslugo/)



Praza da Soidade s/n 27001  
982 242 112 [info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org)  
[facebook.com/redemuseistica provincial](https://facebook.com/redemuseistica provincial)  
[twitter.com/RedeMuseistica](https://twitter.com/RedeMuseistica)



**HORARIO DE INVIERNO  
@MUSEOSLUGO**

**MARTES A DOMINGO**  
10:00H A 14:00H  
16:30 A 19:30H

**CIM**  
**TODOS LOS DÍAS**  
10:00H A 14:00H  
16:00H A 18:00H



**Concello de Lugo**

**Área de Cultura, Turismo  
e Promoción da Lingua**



982 297 199




LugoTurismo



culturaturismolugo



LugoTurismo



**ENTRADASLUGO.ES**

Para recibir este boletín: envía a túa dirección de correo electrónico a [010@lugo.gal](mailto:010@lugo.gal) Asunto: boletín.